Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade

Última versión

MODIFICACIÓNS

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
Artigo 27 apartado g) 2 nova redacción por disposición derradeira primeira.

Inclúe a corrección de erros publicada no DOG núm. 159, do 22 de agosto de 2013.

Exposición de motivos

1

O Estatuto de autonomía de G3alicia, no seu título preliminar, salienta a importancia que a diáspora dos seus fillos e fillas dos últimos dous séculos supuxo para o pobo galego, establecendo que as comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poidan solicitar o recoñecemento da súa galeguidade. Tamén establece que tal recoñecemento, entendendo este como o dereito a colaborar e a compartir a vida social e cultural do pobo galego, se regulará mediante unha lei do Parlamento.

O Estatuto tamén reflicte a importancia da colaboración co Estado na consecución de tal obxecto, procurando o impulso da acción deste no que atinxe á articulación de tratados e convenios polos cales se tenda a favorecer os fins destas comunidades e as aspiracións dos seus membros.

A Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, e a posterior normativa de desenvolvemento fixaron un marco legal efectivo que permitiu ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia manter, mellorar e fortalecer as súas relacións coa sociedade galega e coa Administración autonómica.

No marco desta lei, establecéronse as canles de participación das comunidades galegas e creouse o Consello de Comunidades Galegas, que se converteron no referente esencial da Administración galega á hora de definir e consensuar as políticas a favor dos galegos e das galegas residentes fóra de Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2

O desenvolvemento social, económico e político de Galicia, do Estado español e dos países de acollida dos cidadáns e cidadás galegos residentes fóra de Galicia, desde a promulgación da Lei de recoñecemento da galeguidade, configura hoxe unha realidade que supera o marco inicial de desenvolvemento desta normativa legal.

A globalización económica, a integración dos Estados en estruturas supranacionais, o desenvolvemento e o fortalecemento da sociedade civil e a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación son factores clave que incidiron de forma directa na evolución da galeguidade nestes últimos trinta anos.

A promulgación polo Estado español da Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, establece o marco xurídico e os instrumentos básicos para garantir os dereitos e os deberes dos/das residentes no exterior, en termos de igualdade cos /coas residentes no territorio nacional.

Tamén se establece a regulación que rexerá a política integral de emigración e de retorno para salvagardar os dereitos económicos e sociais dos/das emigrantes e dos seus descendentes, e mais o marco de cooperación das administracións públicas que permita coordinar as súas actuacións.

A promulgación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura (Lei da memoria histórica), supuxo un incremento no Padrón de españois residentes no estranxeiro e, singularmente, de novos cidadáns e cidadás galegos que accederon ou recuperaron a nacionalidade española.

Esta nova realidade no ámbito da galeguidade debe ser integrada nun novo marco normativo que actualice a relación entre as comunidades galegas e o pobo galego, faga máis eficiente o uso de recursos públicos a favor dos/das nosos/as residentes no exterior e das comunidades que conforman e dea resposta ás novas realidades socioculturais e económicas.

3

Neste novo marco normativo recóllense estas novas realidades froito da evolución da sociedade galega e das sociedades de acollida dos galegos e das galegas fóra de Galicia. Esta nova lei promove os procesos de unión ou fusión entre as comunidades galegas, o papel das comunidades como axentes de cooperación galega, a participación activa da xuventude e da muller na vida asociativa das comunidades galegas, a protección do patrimonio das ditas comunidades, especialmente o cultural, e a consideración desas comunidades como axentes da promoción cultural e de difusión das posibilidades turísticas de Galicia no exterior.

Esta lei fomenta o uso e a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación e a promoción de plataformas dixitais de intercambio a fin de promover a comunicación entre a Galicia territorial e a Galicia exterior.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Esta lei tamén trata de fomentar a importancia das relacións económico-empresariais e o seu fortalecemento entre os axentes económicos das comunidades galegas da Galicia exterior e os da Galicia territorial.

Neste sentido, recoñécense novas formas de participación na galeguidade, como son as asociacións de carácter empresarial ou as redes sociais, en diversas plataformas tecnolóxicas.

Por outra banda, esta lei pretende estruturar e dar forma definitiva ao proceso de recoñecemento da galeguidade e ao rexistro das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia. Defínense as tipoloxías das distintas entidades, os requisitos e o procedemento para acceder ao recoñecemento da galeguidade e a forma de participación das comunidades galegas, e sinálase o alcance deste recoñecemento e as actuacións da Comunidade Autónoma de Galicia nas ordes social, cultural e económica. Así mesmo, regúlase o Rexistro da Galeguidade.

Un dos fenómenos que caracterizan, de forma xenérica, as comunidades galegas na actualidade é o proceso de envellecemento dos seus asociados e asociadas, e, en numerosos casos, o proceso desembocará a curto e medio prazo na desaparición das propias entidades galegas. Esta lei promove a unión ou a fusión de entidades galegas cun dobre obxectivo: por unha banda, fortalecer, a través da unión patrimonial e dos seus asociados e asociadas, as propias comunidades galegas e, por outra, protexer o patrimonio galego, especialmente o cultural, fóra de Galicia. Nesta lei regúlanse os procedementos necesarios para reflectir estes procesos de unión no Rexistro da Galeguidade e na representación destas entidades no Consello de Comunidades Galegas.

Actualízase a regulación do Consello de Comunidades Galegas e súas funcións.

Recóllese o establecemento de instrumentos de colaboración cos gobernos doutras comunidades autónomas, así como o impulso da acción exterior do Estado en materia cultural e social. Así mesmo, e co obxectivo de articular políticas eficaces de apoio á cidadanía galega residente no estranxeiro, solicítase a colaboración do Goberno do Estado para a elaboración e a actualización dun censo dos/das residentes galegos/as no exterior.

Por último, sen prexuízo do disposto na normativa básica estatal, defínese nesta lei a condición de galego/a retornado/a e establécese o marco no que se desenvolverán as actuacións en materia de retorno que permitan a integración social, cultural e laboral dos/das galegos/as que decidan retornar a Galicia.

4

Esta lei comprende sete títulos, unha disposición adicional, cinco disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O título preliminar ten como finalidade determinar o obxecto e o ámbito de aplicación da lei, así como sinalar os seus fins, os diferentes tipos de entidades galegas asentadas fóra de Galicia e as competencias da Administración autonómica neste ámbito.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O título I determina o alcance e as actuacións que comporta o recoñecemento da galeguidade e a inscrición das diferentes entidades no Rexistro da Galeguidade. Este título comprende sete capítulos.

No capítulo I defínense as comunidades galegas, os fins que determinan o seu recoñecemento, a tipoloxía das entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade, os requisitos para o seu recoñecemento e o procedemento para seren recoñecidas.

O capítulo II define outras entidades galegas e marca os requisitos e os procedementos para a súa inscrición no Rexistro da Galeguidade.

O capítulo III fai referencia á revogación do recoñecemento da galeguidade ou da condición de centro colaborador da galeguidade.

O capítulo IV fai referencia aos procesos de unión e fusión das comunidades galegas, á natureza destes procesos, aos fins, ao procedemento de cambio na inscrición no Rexistro da Galeguidade e á participación no Consello de Comunidades Galegas durante o proceso.

O título II recolle o alcance do recoñecemento da galeguidade nas ordes social, cultural e económica.

O título III desenvolve as actuacións a favor da galeguidade pola Comunidade Autónoma de Galicia nos ámbitos social, cultural e económico-empresarial.

O título IV crea o Rexistro da Galeguidade e establece as súas funcións e o seu funcionamento.

O título V aborda a participación dos galegos e das galegas residentes fóra de Galicia na vida desta a través do Consello de Comunidades Galegas, establecendo a súa natureza, funcións, composición, funcións dos seus membros e funcionamento. Este título comprende dous capítulos. No capítulo I regúlase o Pleno do Consello de Comunidades Galegas e establécense as súas atribucións, composición, funcionamento e constitución. O capítulo II establece as atribucións da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas e regula a súa composición, funcionamento e acordos.

O título VI define a condición de galego/a retornado/a, así como os dereitos e os beneficios que derivan de tal condición, e establece o marco de actuacións da Comunidade Autónoma de Galicia neste ámbito.

O título VII céntrase nos acordos de cooperación e nos tratados internacionais e nas competencias da Administración autonómica para establecer acordos de cooperación ou convenios con outros gobernos autonómicos do Estado español, para impulsar a acción exterior deste en materia social, cultural e de apoio ao retorno dos/das emigrantes galegos/as e para colaborar na elaboración e na actualización dun censo de galegos/as residentes no estranxeiro.

Na disposición adicional recóllese a constitución do Consello de Comunidades Galegas ao abeiro desta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A lei conta con cinco disposicións transitorias, dedicadas a regular, respectivamente, o réxime transitorio da representación no Consello de Comunidades Galegas, dos procedementos de recoñecemento iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, das comunidades galegas inscritas e recoñecidas, doutras entidades inscritas ao abeiro da normativa anterior e da representación no Consello de Comunidades Galegas das entidades resultantes dun proceso de unión ou fusión.

Así mesmo, conta cunha disposición derrogatoria, na cal se derroga a Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, e calquera outra disposición, de igual ou inferior rango, en canto contradiga o disposto nesta lei.

Por último, ten dúas disposicións derradeiras, nas cales se autoriza o Consello da Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución desta lei e se dispón a súa entrada en vigor.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei da galeguidade.

TÍTULO PRELIMINAR Principios xerais

Artigo 1. Obxecto

1. Esta lei desenvolve o artigo 7 do Estatuto de autonomía de Galicia e ten por obxecto regular o dereito das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

2. Esta lei, tamén, establece o marco xurídico do recoñecemento da galeguidade das devanditas entidades, se for o caso, e o seu alcance, así como as canles de participación e apoio entre as comunidades galegas asentadas fóra de Galicia co pobo de Galicia e as súas institucións.

3. Así mesmo, esta lei pon en valor e recoñece a contribución da emigración e a achega das comunidades galegas do exterior na defensa, espallamento e vínculo coa cultura, lingua, historia e tradicións galegas.

4. Esta lei ten tamén por obxecto recoñecer outras entidades galegas asentadas fóra de Galicia como «centros colaboradores da galeguidade» e determinar os dereitos que os afecten.

5. Esta lei establece, así mesmo, o marco xurídico no que se desenvolverán as políticas e as actuacións de apoio ao retorno impulsadas pola Administración autonómica a favor das persoas galegas retornadas, delimita a condición de galego/a retornado/a e establece o procedemento para acreditar tal condición.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 2. Galeguidade

Enténdese por galeguidade, para os efectos desta lei, o dereito das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a colaboraren e a compartiren a vida social e cultural do pobo galego, tal e como sinala o artigo 7.1 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Artigo 3. Cidadáns/ás galegos/as residentes fóra de Galicia

1. Son galegos/as, para os efectos desta lei, os/as cidadáns/ás españois/españolas residentes no estranxeiro aos cales o Estatuto de autonomía de Galicia outorga dereitos políticos, así como tamén os/as seus/súas descendentes.

2. Considéranse tamén galegos/as, para os efectos desta lei en materia de emigración, os/as cidadáns/ás españois/españolas nacidos/as en Galicia e residentes noutra comunidade autónoma do Estado español, así como tamén os/as seus/súas descendentes.

Artigo 4. Tipoloxía das entidades galegas

1. As entidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán ser recoñecidas nalgunha das seguintes categorías:

a) Comunidades galegas.

b) Centros colaboradores da galeguidade.

c) Federacións de comunidades e/ou entidades.

d) Centros de estudo e difusión da cultura galega.

e) Aqueloutras entidades que se determinen regulamentariamente.

2. Tamén poderán ser recoñecidas, só para os efectos de accederen ao Rexistro da Galeguidade, as redes sociais relacionadas coa galeguidade.

Artigo 5. Competencias

Corresponden ao órgano competente en materia de emigración da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes competencias:

a) As relacións coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e con outras entidades recoñecidas nesta lei.

b) A representación e a participación nos órganos e foros relacionados coas políticas migratorias.

c) As competencias que atribúe ás comunidades autónomas a Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, e demais normativa estatal e

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

autonómica en materia de cidadanía española dos/das galegos/as residentes no exterior e dos/das retornados/as.

d) O rexistro das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e outras entidades recoñecidas ao abeiro desta lei.

e) A cooperación e a colaboración e, se for o caso, a coordinación das actividades de entidades públicas e privadas da Comunidade Autónoma de Galicia no desenvolvemento de actuacións cos/coas galegos/as residentes no exterior da nosa Comunidade Autónoma e coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

f) A coordinación dos órganos de participación das comunidades galegas recoñecidos por esta lei.

g) O establecemento de mecanismos de colaboración con outras administracións públicas en materia de emigración e de retorno.

h) Aqueloutras competencias que lle asigne a Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa emigración, coas comunidades galegas e coa cidadanía galega residente fóra de Galicia.

TÍTULO I Das entidades galegas asentadas fóra de Galicia

CAPÍTULO I Das comunidades galegas

Artigo 6. Comunidades galegas

1. Para os efectos desta lei, son comunidades galegas as entidades sen ánimo de lucro, asentadas fóra de Galicia e constituídas por galegos/as, con personalidade xurídica no territorio en que estean asentadas e que teñan por obxecto principal os labores de protección, instrución ou lecer dos/das galegos/as residentes fóra de Galicia e dos/das seus /súas descendentes, e/ou o mantemento ou o fomento dos lazos culturais, sociais ou económicos con Galicia.

2. Gozarán da condición de comunidades galegas, nos termos sinalados no artigo 7.1 do Estatuto de autonomía de Galicia e nesta lei, aquelas comunidades galegas que sexan recoñecidas de acordo co disposto nesta lei.

Artigo 7. Fins

A Comunidade Autónoma de Galicia recoñece a galeguidade das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e o seu dereito a colaboraren e a compartiren a vida social, cultural e económica do pobo de Galicia, cos seguintes fins:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) Contribuír ao fortalecemento das comunidades galegas, á eficacia da súa acción asociativa e ás súas actuacións a favor do conxunto dos/das galegos/as residentes nas áreas onde actúan.

b) Conservar e promover os lazos das comunidades galegas con Galicia, a fin de que os seus membros poidan seguir mantendo, cultivando e transmitindo os valores identitarios de Galicia.

c) Fomentar o coñecemento da realidade social, cultural, lingüística, económica e política de Galicia, promovendo e difundindo as potencialidades de Galicia no seu contorno socioeconómico.

d) Impulsar o coñecemento, divulgación e uso do idioma galego e o coñecemento e divulgación da creación e produción cultural en galego, tanto entre os membros da comunidade como nas sociedades de acollida.

e) Promover e fomentar os procesos de unión ou fusión entre as comunidades galegas que estean asentadas nun mesmo territorio, respectando a súa autonomía, e, así mesmo, promover e fomentar a cooperación entre as comunidades galegas e centros colaboradores en actividades e proxectos en común.

f) Promover e coordinar, entre as comunidades galegas e a Xunta de Galicia, accións de axuda, asistencia e protección dos galegos e das galegas residentes fóra de Galicia, de conformidade coas competencias e coa normativa da nosa Comunidade Autónoma.

g) Promover o papel das comunidades galegas como axentes da cooperación galega ao desenvolvemento nas súas sociedades de acollida, segundo o establecido na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.

h) Favorecer, de xeito xeral, a adopción de vías estables e eficaces de relación recíproca entre as comunidades galegas e Galicia, tanto coas súas institucións públicas como privadas.

i) Promover e difundir o patrimonio cultural das comunidades galegas establecidas fóra de Galicia.

j) Preservar e poñer en valor o patrimonio cultural creado polas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia ao longo da súa historia.

k) Promover que a xuventude galega no exterior participe naqueles programas ou accións que teñan como finalidade impulsar a participación da mocidade na sociedade, promover valores solidarios e de respecto á diversidade, mellorar a formación e o acceso á información, potenciar as canles de acceso ao mercado de traballo ou calquera outro recollido nos fins das comunidades galegas ou centros colaboradores. O Goberno galego velará, especialmente, pola incorporación dos descendentes da cidadanía galega no exterior á cultura, á lingua e á sociedade galega, prestando apoio ás súas organizacións e fomentando a súa participación activa nos órganos de representación da colectividade

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

galega, promovendo a necesaria renovación dos órganos de dirección das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

l) Promover a participación efectiva da muller na vida asociativa das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, e especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección.

m) Promover a constitución de comunidades galegas nos territorios onde non existan e o peso demográfico dos/das galegos/as residentes neles o permita e o faga necesario.

n) Potenciar as relacións sociais, económicas e culturais cos territorios onde existan comunidades galegas e coas súas institucións e axentes sociais.

ñ) Promover o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación entre as comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

Artigo 8. Requisitos

1. Para o exercicio dos dereitos recollidos nesta lei, a Comunidade Autónoma de Galicia recoñecerá a galeguidade como comunidades galegas ás entidades galegas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser entidades sen ánimo de lucro, estar constituídas por galegos/as residentes fóra de Galicia e con personalidade xurídica de conformidade co ordenamento xurídico do Estado en que estean establecidas.

b) Posuír suficiente arraigamento, que se determinará pola antigüidade da entidade e polo número de socios/as que a compoñen. Neste sentido, para acceder ao recoñecemento da galeguidade será preceptivo ter un funcionamento ininterrompido de dez anos e estar constituídas por un número mínimo de socios/as, que se determinará regulamentariamente.

c) Estar composta por un número mínimo de asociados/as que posúan a condición de galegos /as ou descendentes deles/as, conforme o disposto no artigo 3 desta lei, que se determinará regulamentariamente.

d) Ter, entre os seus fins estatutarios, o fomento e o mantemento de vínculos sociais, culturais e económicos con Galicia e co seu pobo.

e) Recoller nos seus estatutos o destino do seu patrimonio no caso de disolución. O patrimonio de valor histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico cederase ao pobo galego, a través da Comunidade Autónoma de Galicia, e/ou a outras comunidades galegas asentadas dentro do territorio onde se encontre a comunidade galega, e de conformidade co ordenamento xurídico da Comunidade Autónoma de Galicia e dos Estados onde estean asentadas as ditas comunidades.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

f) Que a súa estrutura, organización e funcionamento internos se rexan de acordo con principios democráticos, recoñecendo a participación dos asociados e das asociadas na toma de decisións e nos órganos de representación da entidade.

g) Manifestar, conforme os seus estatutos, a súa vontade expresa de que a súa galeguidade sexa recoñecida consonte os principios desta lei.

h) Difundir a cultura e a lingua galegas mediante o desenvolvemento de obradoiros e actividades divulgativas nos territorios onde estean asentadas.

i) Recoller nos seus estatutos o deber de preservar o seu patrimonio e asemade o deber de colaborar co Goberno galego tanto na catalogación e inventario como na posta en valor do patrimonio de Galicia no exterior.

j) Non recoller nos seus estatutos e demais normas de funcionamento ningún precepto ou disposición que contradiga o disposto na Constitución española, no Estatuto de autonomía de Galicia e na demais lexislación española e galega en materia de dereitos individuais e colectivos.

2. Para os efectos do punto 1.b) deste artigo, aquelas entidades que desenvolvan actividades de carácter socioasistencial ou sanitario ou calquera outra que implique a prestación de servizos a terceiros/as non poderán incluír tales terceiros/as como asociados/as da entidade para os fins recoñecidos nesta lei se non consta o seu recoñecemento expreso para participaren nas actividades de carácter social e/ou cultural da entidade.

Artigo 9. Procedemento

1. O recoñecemento dunha entidade como comunidade galega iniciarase por instancia de parte e obterase mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia por proposta do órgano competente en materia de emigración, logo do informe da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas e do/da titular encargado/a do Rexistro da Galeguidade.

O recoñecemento da galeguidade a unha entidade galega dará lugar á súa inscrición, de oficio, no Rexistro da Galeguidade como comunidade galega.

2. A entidade interesada deberá achegar a seguinte documentación:

a) A acta fundacional e os estatutos vixentes da entidade.

b) A certificación do acordo, adoptado polo órgano competente da entidade, de solicitar o recoñecemento da galeguidade de acordo co disposto nesta lei.

c) A documentación acreditativa do seu recoñecemento no territorio onde estea establecida.

d) A memoria descritiva da historia da entidade desde a súa constitución.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

e) A memoria indicativa das actividades levadas a cabo pola entidade, cando menos, nos últimos dez anos.

f) A memoria económica e patrimonial en que conste a relación de bens propiedade da entidade, especialmente daqueles de carácter cultural relacionados con Galicia.

g) A certificación nominal dos/das socios/as da entidade en que conste a súa vinculación con Galicia debidamente acreditada e que cumpren co previsto nos puntos 1.b) e 2 do artigo 8 desta lei.

h) Aqueloutra documentación que se determine regulamentariamente.

3. O prazo para resolver o recoñecemento da galeguidade será dun ano, contado desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente en materia de emigración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A resolución negativa sempre será motivada e, se transcorre o dito prazo sen resolver e notificar o acordo de resolución o órgano competente, entenderase desestimada a solicitude de recoñecemento de galeguidade.

4. Aquelas entidades galegas que solicitaron o recoñecemento da galeguidade como comunidades galegas e non lles foi concedido poderán ser recoñecidas noutra categoría das establecidas no artigo 4 desta lei polo órgano competente en materia de emigración, se cumpren os requisitos previstos para a categoría correspondente, logo da manifestación da súa conformidade.

5. O procedemento para o recoñecemento da galeguidade ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia será desenvolvido regulamentariamente.

CAPÍTULO II Outras entidades galegas

Artigo 10. Dos centros colaboradores da galeguidade

Son centros colaboradores da galeguidade aquelas entidades legalmente constituídas fóra do territorio de Galicia, sen ánimo de lucro, que teñan por obxecto nos seus estatutos o mantemento ou a recuperación dos lazos culturais, sociais e económicos con Galicia ou que desenvolvan algún dos fins que se recollen no artigo 7 desta lei.

Artigo 11. Requisitos

1. Para o recoñecemento dunha entidade como centro colaborador da galeguidade deberá acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Estar constituída e recoñecida de conformidade co ordenamento xurídico do Estado en que estea establecida.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) Posuír unha actividade ininterrompida de, polo menos, dous anos, con proxección de continuidade nos mesmos fins.

c) Contar con máis de cen asociados/as, dos/das cales unha porcentaxe que se determinará regulamentariamente debe posuír a condición de galegos/as ou descendentes deles/as, conforme o disposto no artigo 3 desta lei.

d) Que a súa estrutura e o seu funcionamento interno se rexan por principios democráticos.

e) Adoptar acordo e manifestar expresamente, pola canle do órgano competente establecido nos seus estatutos, a vontade da entidade de ser recoñecida como centro colaborador da galeguidade.

f) Aqueloutros que se determinen regulamentariamente.

2. O recoñecemento como centros colaboradores da galeguidade implicará o acceso aos dereitos recoñecidos para as comunidades galegas que regulamentariamente se determinen.

3. O recoñecemento como centro colaborador non constituirá o dereito de participación nos órganos de representación que se recollen no título III desta lei.

4. Poderán ser recoñecidas como centros colaboradores da galeguidade aquelas institucións sen ánimo de lucro, asentadas fóra do territorio de Galicia, que posúan unha sección diferenciada dentro da propia entidade, constituída por galegos/as ou descendentes de primeiro grao destes/as. Para obter tal recoñecemento, estas entidades deberán estar recoñecidas de conformidade co ordenamento xurídico do Estado en que estean establecidas, e a sección diferenciada deberá cumprir co resto dos requisitos esixidos aos centros colaboradores da galeguidade para o seu recoñecemento.

Corrección de erros. Artigo 11 redactado conforme a corrección de erros publicada no DOG núm. 159, do 22 de agosto de 2013.

Artigo 12. Procedemento

1. O recoñecemento como centro colaborador da galeguidade iniciarase por instancia de parte e acordarase por resolución do órgano competente en materia de emigración da Comunidade Autónoma de Galicia, logo do informe da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas e do/da titular encargado/a do Rexistro da Galeguidade.

2. A entidade deberá achegar a seguinte documentación:

a) A acta fundacional e os estatutos vixentes da entidade.

b) A certificación do acordo adoptado polo órgano competente da entidade de solicitar o recoñecemento da condición de centro colaborador da galeguidade.

c) A documentación acreditativa do seu recoñecemento no territorio onde estea establecida.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) A memoria descritiva da historia da entidade desde a súa constitución.

e) A memoria indicativa das actividades levadas a cabo pola entidade, cando menos, nos últimos dous anos.

f) A memoria económica e patrimonial en que conste a relación de bens propiedade da entidade, especialmente daqueles de carácter cultural relacionados con Galicia.

g) A certificación nominal dos/das socios/as da entidade en que conste a súa vinculación con Galicia, debidamente acreditada.

h) Aqueloutra que se determine regulamentariamente.

3. O prazo para resolver e notificar o recoñecemento como centro colaborador será dun ano desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente en materia de emigración da Xunta de Galicia.

A resolución negativa sempre será motivada e, se transcorre o dito prazo sen resolver e notificar o acordo de resolución o órgano competente, entenderase desestimada a solicitude de recoñecemento de galeguidade.

4. O procedemento para ser recoñecido como centro colaborador da galeguidade desenvolverase regulamentariamente.

Artigo 13. Das federacións de entidades galegas

1. As comunidades galegas e centros colaboradores da galeguidade poderán constituír federacións con personalidade xurídica no territorio onde estean asentadas, co fin de defender e integrar os seus intereses e facilitar o cumprimento conxunto e coordinado dos seus fins e obxectivos.

2. Poderán inscribirse no Rexistro da Galeguidade aquelas federacións constituídas no estranxeiro por entidades con domicilio social dentro dun mesmo ámbito territorial e que estean compostas, como mínimo, por dezaoito comunidades galegas e/ou centros colaboradores inscritos no Rexistro da Galeguidade ou ben que integren o oitenta por cento das comunidades galegas e/ou centros colaboradores nese ámbito territorial. Para estes efectos, enténdese que o ámbito territorial será, cando menos, o rexional no país en que teñan a súa sede.

3. No caso das comunidades galegas e/ou dos centros colaboradores asentados nas comunidades autónomas españolas, agás a Comunidade Autónoma de Galicia, poderán acceder ao Rexistro aquelas federacións compostas polo oitenta por cento, cando menos, das entidades e dos centros colaboradores domiciliados na dita comunidade autónoma, sempre que non exista outra federación previamente inscrita na mesma comunidade autónoma e o número de entidades que a compoñan sexa igual ou superior a seis.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 14. Procedemento de inscrición das federacións de entidades galegas asentadas fóra de Galicia

1. A inscrición no Rexistro dunha federación levarase a cabo por instancia de parte.

2. A documentación que deberá presentar a federación para a súa inscrición será a seguinte:

a) A documentación acreditativa das entidades que conformen a federación, o seu domicilio social e o seu correspondente número de inscrición no Rexistro.

b) O acordo dos órganos competentes das entidades da súa vontade de se federaren.

c) Os estatutos da federación, nos que se recolla algún dos fins que se determinan no artigo 13.1 desta lei e o seu funcionamento, que deberá rexerse por principios democráticos.

d) A documentación pola cal se determine o carácter temporal ou indefinido da federación.

e) A sede social e o ámbito territorial da federación.

f) Aqueloutra documentación que regulamentariamente se determine.

3. Corresponderá ao órgano competente en materia de emigración a adopción do acordo de inscrición da federación no Rexistro da Galeguidade, logo do informe consultivo da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

4. O prazo para resolver e notificar a inscrición será de seis meses desde a entrada da solicitude no órgano competente en materia de emigración da Xunta de Galicia.

Artigo 15. Dos centros de estudo e difusión da cultura galega

1. A Comunidade Autónoma de Galicia apoiará aquelas entidades e organismos constituídos por cidadáns/ás galegos/as residentes fóra de Galicia ou por cidadáns/ás non galegos/ as cuxo obxectivo fundamental, recoñecido nos seus estatutos, sexa o estudo e a difusión da cultura galega e da súa lingua, e a súa sede social estea radicada fóra de Galicia. No apoio que preste a Comunidade Autónoma avaliaranse a antigüidade e a relevancia cultural destas entidades e o impacto social das súas actividades.

2. Estas entidades poderán inscribirse na sección correspondente do Rexistro da Galeguidade segundo se determine regulamentariamente.

Artigo 16. Redes sociais no ámbito da galeguidade

1. A Comunidade Autónoma de Galicia fomentará e promoverá a creación e o desenvolvemento de canles de comunicación tecnolóxicas co fin de acadar e facilitar a participación das redes sociais e o coñecemento de interese para o cumprimento dos fins desta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Poderán inscribirse na sección correspondente do Rexistro da Galeguidade aquelas redes sociais que operen na comunidade virtual cuxa finalidade sexa a difusión e o fortalecemento da galeguidade e a promoción da comunicación daqueles que compartan intereses comúns co pobo galego e a súa colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O órgano competente en materia de emigración establecerá regulamentariamente e habilitará, a través da súa plataforma web, as canles necesarias e os requisitos de acceso e de cancelación da súa inscrición no Rexistro da Galeguidade a aquelas redes sociais que sexan de interese para o desenvolvemento dos principios xerais desta lei.

CAPÍTULO III Da revogación do recoñecemento da galeguidade ou da condición de centro colaborador da galeguidade

Artigo 17. Revogación do recoñecemento da galeguidade ou da condición de centro colaborador da galeguidade

1. A revogación do recoñecemento da galeguidade a unha comunidade galega ou dunha entidade galega como centro colaborador da galeguidade poderá incoarse de oficio ou por instancia de parte, polas seguintes causas:

a) O incumprimento de calquera dos requisitos establecidos nesta lei.

b) O incumprimento grave e reiterado dos deberes fixados para estas entidades nesta lei.

c) A inactividade durante un período ininterrompido de dous anos.

d) A sentenza xudicial firme que declare a falsidade de datos ou documentos que consten na inscrición.

e) A cancelación ou a perda de eficacia das autorizacións preceptivas outorgadas no seu día polos organismos competentes para a súa válida constitución.

f) A realización de accións ou omisións en materia de subvencións tipificadas como infraccións moi graves pola normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de subvencións.

g) Outras que se determinen regulamentariamente.

2. Para a revogación de oficio do recoñecemento como comunidade galega será preceptivo o informe da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

3. Cando as comunidades galegas ou os centros colaboradores incumpran os requisitos establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento para o seu recoñecemento, o órgano competente en materia de emigración incoará de oficio o procedemento de revogación do seu recoñecemento.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. O acordo de revogación será adoptado polo órgano competente para o seu recoñecemento, logo da audiencia do interesado.

5. A solicitude de revogación do recoñecemento por parte dunha comunidade galega ou da condición de centro colaborador da galeguidade dunha entidade galega, adoptada por órgano competente desta, será aceptada sen máis trámite pola administración.

6. A revogación do recoñecemento supón a cancelación da súa inscrición no Rexistro da Galeguidade. No caso de incumprimento grave dos deberes fixados para as entidades ou dos requisitos previstos nesta lei, virá obrigada á devolución á Xunta de Galicia das subvencións e axudas recibidas a partir do momento do incumprimento de tales deberes ou requisitos.

Artigo 18. Incumprimento puntual dos deberes

O incumprimento puntual dos deberes por parte das entidades galegas no exterior poderá dar lugar á suspensión dos dereitos establecidos nesta lei para elas durante o tempo que dure o incumprimento. En particular, o incumprimento do deber previsto na letra e) do artigo 8 comportará que a Xunta de Galicia e as administracións públicas galegas non poderán conceder subvencións e axudas destinadas á conservación e rehabilitación do patrimonio.

CAPÍTULO IV Da unión ou fusión das entidades galegas

Artigo 19. Fins

1. As entidades inscritas no Rexistro da Galeguidade poderán unirse ou fusionarse entre si co fin de defender e integrar os seus intereses e facilitar o cumprimento das finalidades e dos obxectivos que lles sexan propios.

2. A Xunta de Galicia promoverá a unión ou a fusión de entidades inscritas no Rexistro da Galeguidade ao abeiro desta lei naquelas localidades ou ámbitos onde a súa realidade social así o aconselle, perseguindo o mellor cumprimento dos fins polos cales fosen creadas.

3. As comunidades galegas poderán unirse ou fusionarse a outras entidades recoñecidas nesta lei.

4. As comunidades galegas e as entidades galegas recoñecidas como centros colaboradores da galeguidade poderán unirse ou fusionarse con outras entidades non recoñecidas ao abeiro desta lei, sempre que a entidade resultante cumpra cos requisitos necesarios para seguir mantendo a súa condición de comunidade galega ou de centro colaborador da galeguidade.

Artigo 20. Procedemento

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. As entidades galegas que inicien un proceso de unión ou fusión deberán comunicalo ao Rexistro da Galeguidade, precedendo acordo dos seus órganos competentes.

2. Durante o proceso de unión ou fusión cada entidade manterá o seu recoñecemento como entidade galega e os dereitos que tal condición comporta, de acordo con esta lei.

Artigo 21. Recoñecemento

1. A entidade resultante do proceso de unión ou fusión deberá comunicarllo ao órgano competente en materia de emigración para proceder ao seu recoñecemento e inscrición. A documentación que deba acompañar a solicitude determinarase regulamentariamente.

2. A Xunta de Galicia recoñecerá á entidade resultante do proceso de unión ou fusión a antigüidade da creada coa data máis antiga ou ben a que a propia entidade xustifique.

3. Nos casos de unión ou fusión entre unha comunidade galega e un centro colaborador da galeguidade recoñecerase a condición de comunidade galega á entidade resultante do proceso da unión ou fusión.

TÍTULO II Alcance do recoñecemento da galeguidade

Artigo 22. Alcance do recoñecemento da galeguidade na orde social

1. O recoñecemento da galeguidade das comunidades galegas implica na orde social:

a) O dereito á información de cantas disposicións e resolucións adopten os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias especificamente recoñecidas de interese para as comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, de acordo cos fins recollidos nos seus respectivos estatutos.

b) O dereito a compartiren a vida social galega e a colaboraren na súa difusión, no ámbito territorial en que estean asentadas.

c) O dereito a colaboraren coa Comunidade Autónoma de Galicia no impulso de accións de carácter socioasistencial e sanitario a favor dos/das galegos/as residentes no exterior, de acordo coas súas políticas e regulacións.

d) O dereito a participaren, como entidades colaboradoras preferentes, nas accións desenvolvidas pola Xunta de Galicia fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do ámbito territorial en que estean establecidas e sempre que a actividade teña relación cos fins estatutarios da entidade.

e) O dereito a participaren nos asuntos de interese social para os/as galegos/as residentes fóra de Galicia, con carácter deliberativo e de asesoramento, a través dos órganos de representación da galeguidade.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. O exercicio destes dereitos e a participación das comunidades galegas en accións de carácter social que busquen a mellora de Galicia e das súas xentes determinaranse regulamentariamente.

Artigo 23. Alcance do recoñecemento da galeguidade na orde cultural

1. O recoñecemento da galeguidade das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia implica na orde cultural:

a) O dereito á súa participación no coñecemento e no estudo da realidade cultural do pobo galego.

b) O dereito a coñeceren e a difundiren a lingua galega no ámbito das súas comunidades.

c) O dereito á información e ao acceso ao desenvolvemento cultural de Galicia e a participaren na formulación de iniciativas para o fomento da cultura galega.

d) O dereito ao acceso ás bibliotecas, aos recursos e aos arquivos dependentes da Comunidade Autónoma.

e) O dereito a colaboraren, no marco das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, nos medios de comunicación social e nas emisións de televisión dirixidos aos/ás galegos/as de dentro e fóra de Galicia.

f) O dereito a colaboraren no impulso das actividades culturais e dos espectáculos orientados a preservar e a fomentar o gozo da lingua, da cultura e das tradicións galegas.

g) O dereito a promoveren e a difundiren, de acordo coas políticas e normativas da Comunidade Autónoma de Galicia, as posibilidades turísticas de Galicia e a actuaren como axentes difusores destas.

h) O dereito a intercambiaren experiencias e coñecementos no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación. Para estes efectos, a Xunta de Galicia fornecerá as estruturas de intercambio de información e de coñecemento a través de plataformas dixitais específicas para as comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

i) O dereito a preservaren e a difundiren o patrimonio da galeguidade no seu ámbito territorial.

j) O dereito a participaren nos asuntos de interese cultural para os/as galegos/as residentes fóra de Galicia, a través dos órganos de representación da galeguidade.

2. O exercicio dos dereitos e a participación das comunidades galegas en accións que busquen promover a defensa ou o desenvolvemento da cultura galega e o seu patrimonio determinaranse regulamentariamente.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 24. Alcance do recoñecemento da galeguidade na orde económica

1. O recoñecemento da galeguidade das comunidades galegas implica na orde do desenvolvemento económico de Galicia:

a) O dereito a recibiren información sobre a realidade económica de Galicia.

b) O dereito a manteren contacto cos axentes económicos e sociais da nosa Comunidade.

c) O dereito a colaboraren co Goberno e cos axentes económicos de Galicia no impulso de actividades de carácter económico-empresarial que fomenten o desenvolvemento económico e a proxección económica de Galicia no exterior e a súa internacionalización dentro do seu ámbito territorial.

d) O dereito a promoveren as relacións económicas entre os/as galegos/as asentados/ as fóra de Galicia e a nosa Comunidade.

e) O dereito a participaren en foros económicos e a formularen iniciativas que redunden no desenvolvemento e no progreso de Galicia e na súa proxección económica no ámbito internacional.

f) O dereito a participaren nos asuntos de interese económico para os/as galegos/as residentes fóra de Galicia, a través dos órganos de representación da galeguidade.

2. O exercicio dos dereitos e a participación das comunidades galegas en accións que busquen o desenvolvemento económico de Galicia realizaranse a través dos órganos de representación da galeguidade, de acordo cos seus estatutos e segundo se determine regulamentariamente.

TÍTULO III Actuacións a favor da galeguidade que desenvolverá a Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 25. Actuacións no ámbito social

No ámbito social, a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolverá, principalmente, as seguintes actuacións:

a) Actuacións socioasistenciais de carácter individual.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas súas políticas e normativas, establecerá os medios axeitados para axudar de forma individual e extraordinaria os/as galegos/ as residentes fóra de Galicia, no caso de extrema necesidade ou de risco de exclusión social.

b) Actuacións de apoio ás iniciativas asistenciais das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A Comunidade Autónoma de Galicia determinará as medidas de apoio ás comunidades galegas e aos centros colaboradores da galeguidade a favor dos/das galegos/ as residentes no seu ámbito de actuación, con especial atención aos/ás maiores e ás persoas que se atopen en situación de extrema necesidade ou en risco de exclusión social.

c) Actuacións de apoio ás actividades sociais promovidas polas comunidades galegas.

A Comunidade Autónoma de Galicia determinará as medidas de apoio e de colaboración naquelas accións promovidas polas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia que persigan a mellor integración e participación dos/das galegos/as residentes no seu ámbito de actuación, na vida da propia comunidade e na dos países ou comunidades autónomas españolas de acollida e as súas xentes.

d) Actuacións de apoio á constitución de novas comunidades galegas.

A Comunidade Autónoma de Galicia fomentará e prestará apoio e asesoramento para a constitución de novas entidades fóra de Galicia, promovidas en lugares en que o asentamento de galegos/as o demande e non houber outras xa constituídas.

e) Convenios para a prestación de servizos.

A Xunta de Galicia poderá asinar coas comunidades galegas no exterior recoñecidas como tales convenios de colaboración para a prestación de servizos, sempre que se acredite na materia obxecto destes a súa cualificación e experiencia na xestión dos asuntos colectivos e o seu dinamismo.

Artigo 26. Actuacións no ámbito da igualdade de xénero

A Comunidade Autónoma promoverá a igualdade entre as mulleres e os homes galegos residentes no exterior e determinará as medidas de apoio ás comunidades galegas e aos centros colaboradores da galeguidade para este fin.

Artigo 27. Actuacións no ámbito cultural

No ámbito cultural, a Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, desenvolverá, entre outras, as seguintes actuacións:

a) Actuacións de fomento e de promoción no eido cultural.

A Comunidade Autónoma de Galicia organizará, a través das comunidades galegas e coa colaboración de institucións especializadas, servizos didácticos e audiovisuais que faciliten o coñecemento da lingua, da cultura e das tradicións de Galicia.

b) Fondo editorial.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A Comunidade Autónoma de Galicia garantirá a adquisición, con destino ás comunidades galegas, dun fondo editorial tendente a facilitar o coñecemento da historia, da arte, da lingua e da realidade social de Galicia.

O Consello de Comunidades Galegas colaborará coa Xunta de Galicia no establecemento dos criterios para a composición e a distribución entre estas do citado fondo.

c) Formación.

No marco das competencias da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, en cooperación coas comunidades galegas, o coñecemento e a formación na lingua, na historia e na cultura galegas nos territorios onde as comunidades galegas estean asentadas.

d) Medios de comunicación da galeguidade.

A Comunidade Autónoma de Galicia promoverá aqueles medios de comunicación orientados aos/ás galegos/as asentados/as fóra de Galicia, así como as iniciativas de comunicación das propias comunidades galegas.

e) Intercambios.

A Comunidade Autónoma de Galicia fomentará a interrelación e os intercambios de carácter educativo e cultural dirixidos ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, co obxecto de favorecer o coñecemento da realidade social, económica e cultural de Galicia.

f) Plataforma tecnolóxica.

A Comunidade Autónoma de Galicia poñerá á disposición das comunidades e das entidades galegas asentadas fóra de Galicia e dos/das cidadáns/ás galegos/as residentes fóra de Galicia unha plataforma tecnolóxica para comunicar, informar e intercambiar coñecemento coas comunidades e coas entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade. Ademais, fomentará o uso de aplicacións informáticas para a xestión, administración, contabilidade e comunicacións das propias comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

g) Actuacións en defensa e protección do patrimonio por parte da administración.

A Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas.

Nos casos en que a normativa o permita, aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas emigrados, mediante as seguintes accións:

1) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos.

2) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de patrimonio cultural de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias.

3) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento.

h) Centro de Referencia da Emigración Galega e da Galeguidade.

A Comunidade Autónoma de Galicia promoverá, de acordo coas súas políticas, normativa e dispoñibilidade orzamentaria, a creación dun centro de referencia documental e museístico sobre a emigración, a súa memoria e a galeguidade, a partir dos fondos do Consello da Cultura Galega e dos que as propias comunidades galegas ou particulares poñan á súa disposición.

i) Integración.

A Comunidade Autónoma de Galicia fomentará e prestará apoio ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia para o desenvolvemento de actividades conducentes a facilitar a chegada e integración dos galegos e galegas que emigran ao exterior e, así mesmo, para facilitar o proceso de retorno das persoas que deciden volver a Galicia.

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Artigo modificado: Artigo 27 apartado g) 2 nova redacción por disposición derradeira primeira.

Artigo 28. Actuacións no ámbito económico

1. No marco das competencias da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá e favorecerá as relacións entre o empresariado galego radicado en Galicia e o residente no exterior, buscando a súa maior efectividade a través dos plans, programas e accións da Xunta de Galicia que permitan a incorporación do potencial emprendedor, económico e empresarial da cidadanía residente no exterior ás políticas económicas propias de Galicia.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos seus órganos e entidades instrumentais do sector público autonómico, en colaboración cos axentes económicos e coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e cos seus membros, fomentará o desenvolvemento de

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

foros, feiras e demais actividades que persigan o coñecemento e a mellora da realidade económica de Galicia nos territorios onde estean asentadas e a súa internacionalización e desenvolvemento.

3. A Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas competencias, promoverá, en cooperación coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, a formación e a capacitación ocupacional e empresarial dos galegos e galegas residentes fóra de Galicia.

Artigo 29. Alcance

As actuacións previstas neste título III e outras que se poidan desenvolver nos eidos social, cultural, de igualdade de xénero e económico en prol das comunidades galegas e da súa relación con Galicia poderán ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.

TÍTULO IV Do Rexistro da Galeguidade

Artigo 30. Creación do Rexistro

1. Créase o Rexistro da Galeguidade, adscrito ao órgano competente da Comunidade Autónoma en materia de emigración, no cal poderán inscribirse as entidades galegas asentadas fóra de Galicia recoñecidas nesta lei.

2. O Rexistro da Galeguidade será único para toda a Comunidade Autónoma e contará con tantas seccións como se recoñecen no artigo 33.

3. No Rexistro serán inscritas de oficio, na súa correspondente sección, as entidades galegas que teñan recoñecida a súa galeguidade ou condición de centro colaborador da galeguidade de conformidade co disposto nesta lei. As demais entidades serán inscritas na correspondente sección por instancia de parte.

4. Os datos do Rexistro serán públicos e o acceso a eles polos/as cidadáns/ás exercerase nos termos e nas condicións establecidos no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O tratamento dos datos de carácter persoal que se conteñan no Rexistro da Galeguidade realizarase de acordo co previsto na normativa vixente en materia de protección de datos.

5. A inscrición no Rexistro non validará os actos nulos nin os datos incorrectos.

6. A estrutura e o funcionamento do Rexistro da Galeguidade serán determinados regulamentariamente.

Artigo 31. Funcións

Son funcións do Rexistro:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. A inscrición das entidades galegas e dos actos inscritibles establecidos nesta lei e demais normativa de desenvolvemento.

2. O depósito e o arquivamento da documentación a que se refire esta lei e a normativa de desenvolvemento.

3. A solicitude de documentación, a emisión de informes e certificados e a elevación de propostas de recoñecemento ou de cancelación.

4. Calquera outra función que se lle atribúa regulamentariamente.

Artigo 32. Datos inscritibles

1. As entidades galegas teñen a obriga de comunicar ao Rexistro da Galeguidade todas aquelas circunstancias relativas ás ditas entidades que requiran inscrición, segundo o que se estableza regulamentariamente.

2. En todo caso, deberá deixarse constancia no Rexistro da Galeguidade dos actos e dos documentos seguintes:

a) A acta fundacional ou a documentación equivalente.

b) Os estatutos e os acordos de modificación.

c) A documentación acreditativa de recoñecemento das entidades, de conformidade co ordenamento xurídico do Estado en que estean establecidas.

d) O nomeamento, a suspensión, o cesamento ou a renuncia dos membros dos órganos directivos.

e) A constitución, a modificación, a unión, a fusión, a escisión ou a extinción da entidade.

f) A denominación e os símbolos das entidades inscritas.

A denominación e os símbolos das entidades galegas non poderán incluír termo ou expresión que induza a erro ou a confusión sobre a súa propia identidade ou sobre a clase ou a natureza desta, en especial mediante a adopción de palabras, conceptos ou símbolos, acrónimos e similares propios de persoas xurídicas diferentes, sexan ou non de natureza asociativa.

Non serán admisibles as denominacións que inclúan expresións contrarias ás leis ou que poidan supoñer vulneración dos dereitos fundamentais das persoas nin se aceptarán denominacións pexorativas ou que atenten contra a dignidade individual e colectiva de Galicia e/ou dos galegos e galegas.

Tampouco poderá coincidir, ou asemellarse de maneira que poida crear confusión, con ningunha outra previamente inscrita no Rexistro da Galeguidade, nin con calquera outra

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

persoa xurídica pública ou privada, nin con entidades preexistentes, sexan ou non de nacionalidade española, nin con persoas físicas, salvo co consentimento expreso do/da interesado/a ou dos/das seus/súas sucesores/as, nin cunha marca rexistrada notoria, salvo que o solicite o/a titular desta ou se faga co seu consentimento.

g) O domicilio social e os datos postais, telefónicos e telemáticos.

3. As entidades galegas deberán comunicar ao Rexistro da Galeguidade calquera modificación que afecte os datos sinalados no punto segundo. A falta de tal comunicación poderá comportar a suspensión dos dereitos establecidos nesta lei, de conformidade co procedemento que se estableza regulamentariamente.

Artigo 33. Organización

1. O Rexistro da Galeguidade organízase nas seguintes seccións:

a) Comunidades galegas.

b) Centros colaboradores da galeguidade.

c) Federacións de comunidades e de entidades.

d) Centros de estudo e de difusión da cultura galega.

e) Redes sociais relacionadas coa galeguidade.

2. Poderán crearse outras seccións regulamentariamente.

Artigo 34. Cancelación da inscrición

1. A inscrición dunha entidade galega poderá ser cancelada de oficio ou por instancia de parte, nos seguintes casos:

a) Por revogación do recoñecemento como entidade galega por incumprimento dos requisitos establecidos para tal recoñecemento.

b) Por extinción ou por disolución da entidade.

c) Por incumprimento reiterado dos fins e das obrigas establecidas nesta lei e na normativa regulamentaria de desenvolvemento.

d) Por inactividade da entidade por un período de dous anos debidamente probada.

e) Por incumprimento da obriga de comunicar e de acreditar calquera modificación da documentación que se determine regulamentariamente.

f) Por sentenza xudicial firme que declare a falsidade de datos ou de documentos que consten na inscrición.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

g) Por cancelación ou por perda de eficacia das autorizacións preceptivas outorgadas no seu día polos organismos competentes para a súa válida constitución.

h) Por realización de accións ou omisións en materia de subvencións tipificadas como infraccións moi graves pola normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de subvencións.

i) Por aqueloutras causas de cancelación que se establezan regulamentariamente.

2. Nos procedementos de revogación iniciados de oficio pola administración deberase dar audiencia ao interesado.

TÍTULO V Do Consello de Comunidades Galegas

Artigo 35. Natureza xurídica

1. O Consello de Comunidades Galegas é o órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

2. O Consello terá carácter deliberante e exercerá funcións consultivas e de asesoramento á Administración autonómica para os efectos de cumprir os fins desta lei.

3. O Consello de Comunidades Galegas adscríbese ao órgano competente en materia de emigración da Comunidade Autónoma de Galicia, que exercerá as funcións recoñecidas nesta lei.

4. As previsións contidas neste título, en relación co Consello de Comunidades Galegas, serán obxecto do correspondente desenvolvemento regulamentario.

Artigo 36. Funcións do Consello de Comunidades Galegas

1. Son funcións do Consello de Comunidades Galegas as seguintes:

a) Elaborar e presentar informes, propostas e recomendacións en materia de emigración e de galeguidade á Comunidade Autónoma de Galicia, a través do órgano competente en materia de emigración.

b) Canalizar as propostas que, en materia de emigración e de galeguidade, xurdan das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) Coñecer e informar as comunidades galegas das disposicións normativas que en materia de emigración e de galeguidade as afecten, en especial das elaboradas pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Establecer canles de colaboración con outros órganos de participación de emigrantes similares existentes no Estado español.

e) Calquera outra función que lle poida corresponder conforme esta lei e normativa de desenvolvemento, e que non estea expresamente atribuída a outros órganos.

2. As propostas, os acordos, os informes ou as recomendacións dos órganos do Consello serán canalizadas polo seu presidente a través do órgano administrativo competente en materia de emigración da Xunta de Galicia.

3. Todos os órganos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia quedan vinculados a colaborar co Consello de Comunidades Galegas no exercicio das súas funcións, dentro do seu ámbito de competencias.

Artigo 37. Composición

1. O Consello de Comunidades Galegas terá a seguinte composición:

a) Presidencia:

O/A presidente/a da Xunta de Galicia.

b) Vicepresidencia:

A persoa titular do órgano competente en materia de emigración da Xunta de Galicia.

c) Vogais:

1.º) As persoas titulares dos órganos e representantes das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de:

Presidencia e administración pública.

Educación e ordenación universitaria.

Industria e comercio.

Traballo e servizos sociais.

Xuventude.

Muller e igualdade.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Cultura.

Sanidade.

Relacións exteriores e cooperación internacional.

Deporte.

Turismo.

2.º) Unha persoa representante do Consello da Cultura Galega.

3.º) Unha persoa representante da Real Academia Galega.

4.º) Unha persoa representante do Sistema universitario de Galicia.

5.º) Unha persoa representante de cada unha das comunidades galegas inscritas no Rexistro da Galeguidade.

d) Secretaría:

Actuará como secretario/a do Consello de Comunidades Galegas, con voz pero sen voto, un /unha funcionario/a nomeado/a polo/a titular do órgano da Xunta de Galicia competente en materia de emigración.

2. No caso de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do Consello de Comunidades Galegas poderán ser substituídos polos seus suplentes.

Artigo 38. Funcións da Presidencia do Consello de Comunidades Galegas

1. Son funcións da Presidencia do Consello de Comunidades Galegas:

a) Exercer a superior representación do Consello.

b) Convocar, presidir, dirixir e suspender, por causas xustificadas, as sesións dos seus órganos e adoptar as medidas que coide pertinentes para a súa boa marcha.

c) Dirimir os empates co seu voto para efectos de adoptar acordos.

d) Nomear os/as vogais representantes das distintas áreas xeográficas na Comisión Delegada, logo da súa elección.

e) Someter á consideración do Pleno e da Comisión Delegada cantas propostas considere oportunas para cumprir mellor os fins desta lei.

f) Aprobar a orde do día das sesións dos órganos do Consello de Comunidades Galegas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

g) Visar as actas e as certificacións dos acordos dos órganos do Consello de Comunidades Galegas.

h) Decidir o lugar de celebración do Pleno do Consello de Comunidades Galegas, logo da consulta á Comisión Delegada.

i) Asegurar o cumprimento desta lei e da normativa de desenvolvemento.

j) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente/a do Consello de Comunidades Galegas.

2. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal o/a presidente/a será substituído/a polo/a vicepresidente/a.

Artigo 39. Funcións da Vicepresidencia do Consello de Comunidades Galegas

1. Son funcións da Vicepresidencia do Consello de Comunidades Galegas:

a) Exercer as funcións atribuídas ao/á presidente/a do Consello de Comunidades Galegas no caso de ausencia, vacante, enfermidade ou outra causa legal.

b) Todas aquelas que sexan delegadas polo/a presidente/a.

c) Asistir o/a presidente/a nas correspondentes sesións do Consello.

2. As funcións da vicepresidencia non serán delegables. No caso de ausencia do/da presidente /a e do/da vicepresidente/a, vacante, enfermidade ou outra causa legal, exercerá as funcións da Presidencia do Consello a persoa que designe o/a presidente/a de entre os restantes membros vogais.

Artigo 40. Funcións dos/das vogais

1. Son funcións dos/das vogais do Consello de Comunidades Galegas:

a) Participar nos debates do Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

b) Exercer o seu dereito a voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

c) Formular rogos e preguntas.

d) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

2. Os/As vogais representantes das comunidades galegas no Pleno do Consello de Comunidades Galegas elixirán, cada un/unha dentro da súa área xeográfica, as comunidades galegas que os/as representarán na Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. Para o desenvolvemento das súas funcións, recibirán con anticipación suficiente, como mínimo respectando os prazos previstos no artigo 17.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as convocatorias das reunións coa inclusión da orde do día e coa información sobre os temas que figuren nela.

Artigo 41. Funcións da Secretaría do Consello de Comunidades Galegas

Son funcións da Secretaría do Consello de Comunidades Galegas:

1. Asistir ás reunións do Consello con voz pero sen voto.

2. Efectuar a convocatoria das sesións por orde do/da presidente/a, así como as citacións aos membros do Consello.

3. Recibir os actos de comunicación dos membros do Consello e realizar as notificacións, as peticións de datos, as rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento.

4. Preparar o despacho dos asuntos e redactar as actas das sesións.

5. Expedir as acreditacións que habiliten os/as vogais representantes das comunidades galegas inscritas no Rexistro da Galeguidade para asistiren ao Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

6. Expedir certificacións das consultas, dos ditames e dos acordos aprobados.

7. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario/a.

Artigo 42. Funcionamento

1. O Consello de Comunidades Galegas funcionará en Pleno ou en Comisión Delegada.

2. Poderán constituírse comisións de estudo no seo do Consello de Comunidades Galegas para tratar dos asuntos propios que se lles encomenden e elevar propostas ao Pleno ou á Comisión Delegada para o seu debate e aprobación.

3. O funcionamento do Consello de Comunidades Galegas someterá a súa actuación aos principios de eficiencia, eficacia e economía.

4. O funcionamento do Consello de Comunidades Galegas desenvolverase segundo o previsto nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan. No non previsto na súa regulamentación específica, observarase o disposto na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

CAPÍTULO I Do Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Artigo 43. Atribucións

1. Son atribucións do Pleno do Consello de Comunidades Galegas:

a) Deliberar sobre os asuntos contidos na orde do día da convocatoria e, en particular, sobre os informes, os estudos e as propostas que sexan sometidos ao seu exame e consideración.

b) Establecer os criterios xerais a que se terá que suxeitar a actuación da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas durante o período do seu mandato.

c) Aprobar as correspondentes memorias anuais elaboradas pola Comisión Delegada, nas cales se dá conta da aplicación efectiva desta lei, e propoñer á Xunta de Galicia as medidas convenientes para o mellor cumprimento dos seus fins.

d) Elaborar e presentar informes, propostas e recomendacións en materia de emigración e de galeguidade á Comunidade Autónoma de Galicia, a través do/da seu/súa presidente/a.

e) Ser informado das disposicións normativas que en materia de emigración e de galeguidade desenvolvan as diferentes administracións.

f) Calquera outra función que lle poida corresponder conforme esta lei e a normativa de desenvolvemento, e que non estea expresamente atribuída a outros órganos.

2. As propostas, os acordos ou as suxestións do Pleno serán canalizadas polo/a seu/ súa presidente/a a través do órgano competente en materia de emigración da Xunta de Galicia.

Artigo 44. Composición

O Pleno do Consello de Comunidades Galegas estará composto por todos os seus membros, enunciados no artigo 37 deste título.

Artigo 45. Funcionamento

1. As convocatorias do Pleno do Consello de Comunidades Galegas corresponden ao/á seu /súa presidente/a. Serán publicadas no Diario Oficial de Galicia mediante resolución da consellaría, do centro directivo ou da entidade do sector público autonómico competente en materia de emigración.

2. O Pleno reunirase en sesións ordinarias coa periodicidade que se determine regulamentariamente, e, en sesións extraordinarias, cando o/a presidente/a o considere necesario ou o soliciten as dúas terceiras partes dos seus membros.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. Poderanse incluír e tratar nas sesións do Pleno os asuntos relacionados coas súas funcións nos termos previstos no artigo 19.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

4. O funcionamento do Consello de Comunidades Galegas someterá a súa actuación aos principios de eficacia, eficiencia e economía.

5. O lugar de celebración dos plenos do Consello de Comunidades Galegas será determinado polo/a presidente/a e celebrarase en Galicia ou nunha localidade que teña, polo menos, unha comunidade galega asentada no seu territorio.

Artigo 46. Constitución do Pleno do Consello de Comunidades Galegas

1. O Pleno quedará validamente constituído en primeira convocatoria sempre que estean presentes o/a presidente/a e o/a secretario/a ou, de ser o caso, aqueles/as que os/as substitúan, e a metade polo menos dos seus membros. En segunda convocatoria, quedará validamente constituído sexa cal for o número de membros asistentes, sempre que estean presentes o/a presidente/a e o/a secretario/a.

2. Os/As representantes das comunidades galegas acreditarán a súa representación por certificación do órgano competente segundo os seus estatutos.

3. Poderán incorporarse ás sesións do Pleno, con voz pero sen voto, aquelas persoas que o/a presidente/a do Consello de Comunidades Galegas xulgue oportuno que asistan pola súa relevancia nas materias que se vaian tratar.

Artigo 47. Acordos

Os acordos do Pleno do Consello de Comunidades Galegas serán adoptados por maioría simple dos membros asistentes ao Pleno. No caso de empate, será dirimente o voto do/ da presidente/a.

CAPÍTULO II Da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas

Artigo 48. Atribucións

1. Son atribucións da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas:

a) Asumir as funcións que corresponden ao Pleno do Consello de Comunidades Galegas no período en que este órgano non estea reunido.

b) Preparar as sesións do Pleno, tanto ordinarias como extraordinarias, fixando os relatorios que se deban estudar e discutir nel.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) Someter á aprobación do/da presidente/a aqueles asuntos que os membros da Comisión consideren que deben ser incluídos na orde do día, tanto do Pleno como da Comisión Delegada.

d) Elaborar a memoria anual que preceptúa o artigo 43.1.c) desta lei, tendo en conta a proposta presentada polo órgano competente en materia de emigración da Xunta de Galicia.

e) Elaborar informes e consultas previos á aprobación polo Consello de Goberno da Xunta de Galicia do recoñecemento da galeguidade ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia.

Estes informes e consultas elevaranse ao órgano competente en materia de emigración da Xunta de Galicia.

f) Manter a comunicación coas comunidades galegas e recoller aqueles asuntos que sexan considerados de interese polas comunidades galegas da súa área xeográfica específica e dar traslado deles ao órgano competente en materia de emigración da Xunta de Galicia.

g) Informar as comunidades galegas de todos aqueles asuntos relacionados co ámbito da emigración e da galeguidade.

h) Informar o Pleno do Consello de Comunidades Galegas das actuacións desenvolvidas durante o seu período de funcionamento.

i) Aqueloutras funcións que lle sexan delegadas polo Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

2. A Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas será elixida e renovada na forma que se determine regulamentariamente, de acordo co previsto nesta lei.

Artigo 49. Composición

1. A Comisión Delegada estará composta por:

a) O/A presidente/a do Consello de Comunidades Galegas.

b) O/A vicepresidente/a do Consello de Comunidades Galegas.

c) Catro comunidades galegas en representación das asentadas nas comunidades autónomas de España.

d) Catro comunidades galegas en representación das asentadas fóra de España en países de Europa, África e Asia.

e) Catro comunidades galegas en representación das asentadas en países de América e Oceanía.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

f) Un/Unha representante por cada comunidade galega inscrita no Rexistro da Galeguidade que teña máis de 20.000 socios/as galegos/as e que cumpra co sinalado para eles no artigo 8.2 desta lei para o seu recoñecemento.

2. Nos casos de delegación do/da presidente/a, vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, actuará como tal o/a vicepresidente/a do Consello de Comunidades Galegas.

Artigo 50. Funcionamento

1. A convocatoria da Comisión Delegada corresponde ao/á presidente/a do Consello de Comunidades Galegas.

2. Reunirase en sesión ordinaria con periodicidade anual e na forma que regulamentariamente se determine. En sesións extraordinarias, por convocatoria do/da presidente/a cando este/a o considere necesario pola transcendencia dos asuntos que se vaian tratar ou cando o solicite a metade, polo menos, dos seus membros.

3. O/A presidente/a fixará a orde do día, que se comunicará xunto coa convocatoria e coa documentación necesaria dos asuntos que se vaian tratar con anticipación suficiente, como mínimo respectando os prazos previstos no artigo 17.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a través do órgano competente en materia de emigración da Xunta de Galicia.

4. A titularidade da representación nas sesións da Comisión Delegada corresponde ás comunidades galegas electas no Pleno, sendo estas comunidades as que designarán o/a seu /súa representante de conformidade cos seus regulamentos.

5. O/A presidente/a do Consello de Comunidades Galegas, ou o/a vicepresidente/a por delegación daquel/a, decidirá o lugar de celebración da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, tendo en conta os principios recollidos no artigo 45.5 desta lei.

6. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dotará os membros da Comisión Delegada dos medios tecnolóxicos necesarios para facilitar o cumprimento das súas funcións e a permanente información e comunicación entre si e coas correspondentes comunidades galegas que representan e os restantes órganos do Consello.

Artigo 51. Acordos

Os acordos serán adoptados por maioría simple dos membros asistentes. No caso de empate, será dirimente o voto do/da presidente/a.

TÍTULO VI Do retorno

Artigo 52. Retorno

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Para os efectos desta lei enténdese por retorno o traslado das persoas ás que se refire o artigo 53 desta lei desde o país de residencia fóra de España á Comunidade Autónoma de Galicia co fin de fixar nela a súa residencia con carácter definitivo.

Artigo 53. Condición de galego/a retornado/a

1. Terán a condición de galego/a retornado/a as persoas galegas e nacidas en Galicia que residindo fóra de España retornen á Comunidade Autónoma galega, sempre que cumpran o disposto nesta lei.

2. Asimílanse a galegos/as retornados/as para os efectos previstos nesta lei os cónxuxes ou as persoas con unión análoga á conxugal e os/as fillos/as das persoas galegas e nacidas en Galicia con residencia no estranxeiro que residindo fóra de España se establezan na Comunidade Autónoma de Galicia e cumpran o disposto nesta lei.

Artigo 54. Requisitos para adquirir a condición de galego/a retornado/a

Os requisitos, con carácter xeral, para adquirir a condición de galego/a retornado/a son os seguintes:

a) Ser galego/a e nacido/a en Galicia.

b) Acreditar ou ter relación filial, conxugal ou análoga á conxugal, segundo o disposto no artigo 53.2 desta lei.

c) Estar en posesión da nacionalidade española e estar vinculado/a a un concello galego no padrón de residentes no exterior antes do retorno.

d) Estar empadroado/a nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O período de tempo de residencia no exterior, os requisitos e outras condicións particulares, así como o procedemento para adquirir a condición de galego/a retornado/a, determinaranse regulamentariamente.

Artigo 55. Revogación do recoñecemento

1. A revogación do recoñecemento da condición de galego/a retornado/a poderá incoarse de oficio.

2. Cando as persoas galegas retornadas incumpran os requisitos establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento para o recoñecemento da condición de galego/a retornado/a, o órgano competente incoará de oficio a revogación do seu recoñecemento.

3. O acordo de revogación será adoptado polo órgano competente para o seu recoñecemento, logo da audiencia á persoa interesada.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 56. Perda da condición de galego/a retornado/a

Unha vez recoñecida a condición de galego/a retornado/a, perderase polas seguintes causas:

1. Ter transcorrido un prazo, que se determinará regulamentariamente, desde a data de baixa da matrícula consular do último país de residencia fóra de España.

2. Deixar de residir na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Incumprir algún dos requisitos establecidos nesta lei e na normativa de desenvolvemento.

Artigo 57. Actuacións no ámbito do retorno

A Comunidade Autónoma de Galicia promoverá medidas de apoio nos ámbitos educativo, laboral e social que favorezan o retorno a Galicia dos/das galegos/as residentes no exterior e facilitará a súa integración na sociedade galega nos termos que regulamentariamente se determinen.

O Goberno galego, no ámbito das súas competencias, desenvolverá actuacións específicas para facilitar o regreso e a integración social da cidadanía galega retornada tales como:

a) Promover, en colaboración co resto de administracións, unha política integral de retorno mediante o aproveitamento eficaz e eficiente dos recursos públicos.

b) Promover medidas que faciliten o acceso á vivenda.

c) Asinar convenios con empresas ou colectivos empresariais e sindicais para facilitar o retorno de traballadores e traballadoras.

d) Calquera outra acción que considere conveniente no marco desta lei.

Artigo 58. Dereito á información para o retorno

A cidadanía galega residente no exterior que desexe retornar ten dereito a obter información e asesoramento encamiñado a promover a inserción laboral e social, tanto no lugar de residencia no exterior como na súa chegada a Galicia.

Artigo 59. Prestacións

As persoas retornadas que cumpran os requisitos esixidos nos programas e accións correspondentes poderán acceder a prestacións educativas, sanitarias e socioasistenciais cando fixasen a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia tras o retorno.

TÍTULO VII Dos acordos de cooperación e dos tratados internacionais

Artigo 60. Impulso da acción do Estado en materia social e cultural

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro do recollido nos artigos 7.2 e 35.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, poderá solicitar do Estado español que celebre e presente para a súa autorización, se é o caso, ás Cortes Xerais tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións de carácter social e/ou cultural con outros Estados con que manteña particulares vínculos culturais ou lingüísticos ou onde existan comunidades galegas co fin de fomentar e promover os valores sociais e culturais do pobo galego.

Artigo 61. Comunidades autónomas

A Comunidade Autónoma de Galicia, para o mellor cumprimento dos principios recollidos nesta lei, poderá establecer acordos ou convenios de cooperación con outras comunidades autónomas, logo da autorización das Cortes Xerais, segundo o establecido no artigo 35.2 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Artigo 62. Censo de cidadáns/ás galegos/as residentes no exterior

A Xunta de Galicia, co obxectivo de poder articular políticas de apoio aos/ás cidadáns/ás galegos/as residentes no exterior, solicitará, se procede, a colaboración do Estado español para elaborar e actualizar un censo de galegos e galegas residentes no exterior coa periodicidade que rexe para o padrón municipal de habitantes.

Disposición adicional única. Constitución do Consello de Comunidades Galegas

A constitución do Consello de Comunidades Galegas ao abeiro desta lei terá lugar cando se cumpra o prazo legal de funcionamento do XI Consello de Comunidades Galegas creado pola Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio da representación no Consello de Comunidades Galegas

Ata a efectiva constitución do Consello de Comunidades Galegas ao abeiro desta lei, seguirá en funcionamento o Consello de Comunidades Galegas creado pola Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, que se rexerá pola normativa que lle resultaba aplicable no momento da entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio de proce

Os procedementos de recoñecemento da galeguidade ás comunidades galegas e a outras entidades galegas iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei tramitaranse de conformidade co disposto nela.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Disposición transitoria terceira. Réxime transitorio das comunidades galegas inscritas e recoñecidas

1. As comunidades galegas recoñecidas ao abeiro da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, conservarán a súa condición e causarán inscrición de oficio no Rexistro da Galeguidade, sempre que cumpran os requisitos que esta lei establece.

2. No caso de teren que acreditar os requisitos para proceder á súa inscrición, poderán facelo desde a entrada en vigor desta lei e durante un período de seis meses.

Disposición transitoria cuarta. Réxime transitorio das entidades galegas recoñecidas ao abeiro do Decreto 195/1991

As entidades recoñecidas ao abeiro da disposición adicional do Decreto 195/1991, do 30 de maio, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, e que estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, inscribiranse de oficio na sección correspondente do Rexistro da Galeguidade se cumpren os requisitos establecidos nesta lei.

Disposición transitoria quinta. Réxime transitorio de representación no Consello de Comunidades Galegas das entidades resultantes dun proceso de unión ou fusión

1. De conformidade co previsto no artigo 19.2 desta lei e coa finalidade de promover a unión ou fusión de entidades inscritas no Rexistro da Galeguidade, durante un período transitorio de dous mandatos, contado desde a celebración do Pleno do Consello de Comunidades Galegas seguinte ao proceso de unión ou fusión, o dereito de voto no citado Consello do representante da entidade resultante dun proceso de unión ou fusión será un voto cualificado equivalente a igual número de comunidades galegas participantes no proceso de unión ou fusión.

2. O establecido no punto anterior será aplicable aos procesos de unión ou fusión iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derrogados a Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade; o Decreto 3/1987, do 8 de xaneiro, polo que se adscribe o Rexistro de Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia á Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas e se establece o procedemento para solicitar o recoñecemento da galeguidade e a posterior inscrición no Rexistro; o Decreto 4/1987, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas; o Decreto 195/1991, do 30 de maio, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas; o Decreto 261/1992, do 17 de setembro, polo que se amplía a composición da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas; e

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

calquera outra disposición, de igual ou inferior rango, en canto contradiga o disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

Habilítase o Consello da Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, trece de xuño de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.